



Sinte, vive...

Outeiro de Rei



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI
Praza do Concello, núm.1
Outeiro de Rei (Lugo)
Tfno. (+34) 982 393 281
www.outeiroderei.org

MAPA - GUÍA TURÍSTICO



Edici: Concello de Outeiro de Rei. Dep. Legal LU 96-2016

LOCALIZACIÓN

No centro-oeste da provincia de Lugo, localízase o municipio de Outeiro de Rei, que tan só dista 10 km da capital provincial, Outeiro de Rei (San Xosé), capital do municipio, ten o título de vila e a ela accédese facilmente a través da N-1 (Méndez-Acoruña, Km 513) ou da autovía A-6 (saída 507). A extensión municipal é de 134 km², sobre os que se asentán 5068 habitantes, repartidos en 27 parroquias.

ARTESANÍA



OLERÍA DE BONXE

Bonxe, 17 Outeiro de Rei
Tfno. 982 393 399
pepabonxe@gmail.com
pepabonxe.blogspot.com



OBRAIDOIRO DE INSTRUMENTOS MUSICAIS XANEÇO

Fabricación de instrumentos de percusión tradicional
Abeladreira, 1 San Fiz de Paz
Tfno. 696 431 657 / 982 393 278
obraidoiro@xaneco.com
www.xaneco.com



GABRIEL SARCEDA RODRÍGUEZ

Fabricación e restauración de mobles
Estí, Pascual, 6 Santa Mariña
Tfno. 982 393 087
gabriel.sarceda@hotmail.com



IDOIA CUESTA
Elaboración de tecidos vexetais: tapices e cestas
Hortas, 7 Cela
Tfno. 677 334 150 / 982 390 666
idoiacuesta@yahoo.es
www.idoiacuesta.com

ACTIVIDADES

AVIFAUNA

O centro encóntrase situado no lugar de Bravos (Vicente). A visita a este parque ornitolóxico permítelle ao visitante un percorrido a través do cal poderá facerse unha idea da riqueza avícola dos cinco continentes, facéndose especial fincapé na fauna autóctona galega. O centro exhibense 250 especies diferentes de aves, 40 delas en pencho de extinción.

Tfno. 982 242 053
www.avifauna.net



MARCELLE NATUREZA

Situado en Marcelle (Guillar), trasládase dun amplo espazo natural dedicado aos animais, onde poderemos relaxarnos e pasear observando unha gran variedade de especies en réxime de semiliberdade. Cebras, bisontes, llamas, osas, canguros, renos e molinos máis animais nun contorno de gran beleza e encanto.

Tfno. 982 160 211
www.marcellenatureza.com



CASA MUSEO MANUEL MARÍA

Ao carón da Casa Consistorial, a Casa Museo Manuel María acolle e expón ao público visitante todo o legado persoal, artístico e bibliográfico da que quizá sexa a voz literaria máis prolífica e dinámica da segunda metade do século XX: a súa biblioteca persoal, a famosa colección de revistas do poeta, unha colección de pinturas con obras delgais dos máis importantes pintores galegos contemporáneos...

Tfno. 698 177 621
www.manuelmaria.com
fundacion@manuelmaria.com



MUSEO DA OLERÍA DE BONXE

Situado na Veiga (Bonxe) reúne unha importante mostra de pezas de olaría tradicional destinadas outora ao uso doméstico (días, cazolas, chocolateiras, nateiras, porrons, unha curiosa tapa da bola...). Pezas realizadas polas expertas mans de oleiros da zona como Xosé do Xastre ou Indalecio Lombao, a cuxa figura e persoa está dedicado este museo.

Tfno. 982 393 399
pepabonxe.blogspot.com



VIDA DE ALDEA

Na parroquia de San Clodio, Vida de Aldea permite gozar da paisaxe, dos camiños, das fontes das árbores centenarias, das rochas... O visitante poderá loar de solicitar cita, gozar deste singular recanto, ademais de visitar a explotación gandeira familiar ou as hortas ecolóxicas que en réxime de alugamento, amosan que con pequenos esforzos os resultados poden ser sorprendentes.

Tfno. 982 170 143 / 607 575 937
www.vidadeldea.com
info@vidadeldea.es



NATUREZA

O municipio de Outeiro de Rei acolle espazos naturais de gran beleza entre os que destacan:

RÍOS

O Miño, o Ladra e o Narla, xunto con múltiples regatos, percorren o municipio e dan lugar a paraxes de gran beleza á vez que permiten a práctica da pesca e mesmo, en tramos, da natación, o baño repousado e o piragüismo, aos afeccionados a estes deportes.

CAMPO DE SANTA ISABEL

Situado na parroquia de Outeiro de Rei, tamén chamado As Veigas é unha fermosa cabeleira na confluencia dos ríos Miño e Ladra. Nel practícase a pesca e co bo tempo é frecuente ver familias e grupos de amigos que usan desta fermosa e singular paraxe como lugar de espáremamento e baño.
Neste espazo localízase a Capela de Santa Isabel, un fermoso muíño (bo representante da arquitectura popular vinculada aos ríos) e a praia fluvial de Santa Isabel.

PENAS DE RODAS

Na parroquia de Gaioso atopámonos dentro da espazosa área recreativa de Penas de Rodas, dúas orixinais moles graníticas que desde a súa elevada situación (619 m) dominan unha ampla panorámica da península.

Ao redor delas a fantasía popular creou numerosas lendas. A máis estendida é aquela que afirma que no interior dunha das pedras hai ouro, que sería para o primeiro que lograse rompela. Pero a outra rocha está chea de alcatrán, e se rompe botará este en tal cantidade que alagará o mundo. Ao non poder identificar cal é a roca do tesouro, salváronse as dúas.

Alguns investigadores consideran este espazo como lugar de culto sagrado na antigüidade ademais de observatorio astronómico, as penas presentan unha orientación cara a posta do sol no solsticio de verán.

A paraxe é un magnífico miradoiro natural da Terra Chá.

PONTE COLGANTE DE PARADA

Situada na marxe dereita do río Miño, dá acceso á *Insua de Seivane*, tamén coñecida como *Insua de Arriba* ou *Ilha da Ponte Colgante*, onde se atopa un refuxio de pescadores.

SALTO DO PIAGO


Localízase na parroquia de Robra; orixinal paisaxe que é aproveitada como lugar de baño e descanso. Neste punto o río muda a súa fisionomía apracible para deixar arrastar as súas augas por pequenas fofoeiras e pendentes.
Nos anos 30 do século pasado, veciños da parroquia de Martul fixeron o caneiro existente que une esta parroquia coa de Robra.

Neste espazo natural rodáronse escenas da película *El rey del río* de Manuel Gutiérrez Aragón.

ILLAS

Destaca a *Insua de San Roque* (Cela) que é a illa máis grande no curso alto do río Miño e constitúe unha área representativa dos humidaes da Terra Chá, polo que está especialmente protexida e para ser visitada hai que concertar cita contactando coa Deputación Provincial de Lugo.

Salientar tamén a *Insua de Seivane* (Parada), á que se accede a través da Ponte Colgante de Parada. Constitúe unha paraxe singular que conserva especies de bosque autóctono como carballos, alcornoques, freixos... A insua, de propiedade veciñal, é posible percorrela grazas aos camiños de pescadores. O seu perímetro é de aproximadamente 2,5 km.



PATRIMONIO

É difícil precisar cal foi a data de fundación de Outeiro de Rei, ou polo menos a antigüidade da súa poboación. A actual vila de Outeiro de Rei correspóndese, segundo afirman varios historiadores, cos antigos Otdorun (pola que pasaba a vía romana XX: Braga - Astorga). Ademais o achado no barrio de *Santa Dunha* ara cela - romana dedicada ao deus indixena Loucoubo, parecen confirmar esta crenza. Igualmente a existencia de mámoas, petroglifos, castros (todos eles sen escavar), parecen confirmar a crenza da orixe afastada destas terras.

A riqueza patrimonial do municipio é enorme, destacan:

IGREXAS DE ROBRA, FRANCOS e MARTUL, todas elas conservan elementos da súa vella construción románica.

IGREJA DE OUTEIRO DE REI de época moderna e estilo neoclásico na maior parte da súa fábrica (século XVIII). No seu cemiterio parroquial repousan os restos do filósofo Gumersindo Laverde Ruiz e do escritor Manuel María, fillo predilecto de Outeiro de Rei. Na súa casa natal, situada nas proximidades, poderase visitar a casa museo dedicada a este insigne escritor.

CAPELA DE BRAVOS, situada na parroquia de Vicente. Bonita capela na honra da nosa Señora do Rosario que constitúe un notable exemplo do románico popular e que segundo se lle no timpano da súa porta sur, foi reformada en 1412. É de propiedade privada.

CAPELA DE SANTA ISABEL. No seu arredor, está a recuperarse unha tradicional romaría que coincide coas festas patronais do municipio e á que acudían, a mediados do século XX, decenas de miles de fieis.

CRUCEIRO DE FEIRA (Gaioso), Magnífico cruceiro do 1900, moi ben traballado, a cruz e o Cristo están feitos na mesma peza de pedra e os signos da paixon están tallados no fuste.

CRUCEIRO DE BRAVOS (Vicente). Do fuste arrinca unha cruz de sección cuadrangular. No anverso e reverso aparecen as figuras de Cristo e da Dolorosa talladas directamente sobre a propia peza.

PAZO DE MIRAPEIXE (Santa Mariña). É un dos soares máis antigos e relebrados de Galicia, onde tivo a súa orixe a coñecida casa dos Gayoso (Gaudioso na Idade Media), que foi tronco común de numerosas linaxes lucenses, como os Picado, O campo de Lugo de tanta importancia nos séculos XV e XVI.
Da primitiva construción do pazo, de orixe medieval, apenas quedan uns restos confundidos coas edificacións e reformas realizadas polos fundadores do morgado a comezos do XVI, a que constitúen a estrutura principal que na actualidade presenta o pazo. O seu aspecto exterior é o dun gran casarón, sólido e austro, a carón do Miño, libro dos clásicos adornos arquitectónicos propios deste tipo de edificacións durante os séculos XVII e XVIII. Nos seus muros loce dúas pedras de armas nas que campean, entre outros, os brasones dos Prado e Vsaomonde.

CASA FORTE DE OUTEIRO (Outeiro de Rei), fundada polo conde O'Kelly, crese que este edificio é derivación dunha importante torre medieval ou, cando menos, das últimas décadas do século XV. Actualmente presenta un estado lamentable de conservación.

O PAZO DE CELA (Cela) ou **CASA DE ABELLEIRA** (Santa Mariña) constitúen outros dous notables exemplos representativos da arquitectura civil deste municipio.

Pazos e casas citados son de propiedade privada e non son visitables.

FESTAS / FEIRAS

FESTA DE ENTROIDO (Outeiro de Rei)

Domingo de Entroido.

ROMAXE NA HONRA Á VIRXE DAS DORES (Robra)

Fin de semana e luns de Pascua.

NA HONRA DE SANTA ISABEL (Outeiro de Rei)

Primeira fin de semana de xullo.

FEIRA DA ARTESANÍA (Outeiro de Rei)

Primeiro sábado de xullo.

ROMAXE DE PENAS DE RODAS (Gaioso)

Domingo anterior ao 12 de agosto.

NA HONRA Á VIRXE DAS ANGUSTIAS (Arcos)

Fin de semana coincide co posterior ao 14 de setembro.



TELÉFONOS DE INTERESE

CONCELLO	982 393 281
CENTRO MÉDICO	982 393 287
AMBULANCIA	982 231 613
URXENCIAS MÉDICAS	061
PAC	982 393 400
FARMACIA DE OUTEIRO	982 393 262
FARMACIA DE GUILLAR	982 249 220
ORDA CIVIL	982 390 005
ESTACIÓN DE SERVIZO (Robra)	982 392 642
ÁREA DE SERVIZO (Parque empresarial Outeiro de Rei)	982 393 276
LUMES	085
TAXIS (vila)	648 052 248
TAXI (Guillar)	608 185 802
TAXI (Robra) [Adaptado a persoas con mobilidade reducida]	648 706 315
	680 444 523

